

Ramón Caride Ogando volta ao relato curto no recente *Exogamia 0.3*, volume breve no que reúne media ducia de historias que moi ben poderíamos encastrar nese particular subxénero da ficción científica, singular modalidade do arqui-xénero da ciencia ficción.


Malia a súa esperable diversidade argumental, todos os contos do libro coinciden na denuncia implícita dos desastrosos abusos e perversións aos que conduce a negación do ecolóxico e o desenvolvemento sostible, amais de amosar os perigos da perpetuación do clasismo social feroz e da cada vez máis acusada bipolarización entre mundo rico e mundo pobre.

Por descontado, as modulacións que tales

Presente suicida

Ballard entre nós

ARMANDO REQUEIXO



distopías presentan en cada relato son ben distintas e, se en “Reciclado” a crítica se centra no neoescravismo da explotación polo Primeiro Mundo dos nenos do Terceiro Mundo como man de obra barata na extracción de materias primas e a elaboración de produtos manufacturados, en “Natural” o cuestionado é a obsesión cinexética que fai desaparecer especies; se en “Mnemo-

técnica” se pon de relevo a manipulación agochada tras a evasión farmacolóxica, en “Heteroxénico” é o aberrante da manipulación xenética sen límites o recreado; se, en fin, en “Observador” o que se reduce a espectáculo é o duro drama da inmigración do Estreito, en “Aleatorio” é a trata de corpos a que nos lembra o aberrante dalgunhas condutas.

No ronsel do mellor J. G. Ballard, *Exogamia 0.3* de Ramón Caride Ogando convida á reflexión sobre o presente suicida, agora que aínda estamos a tempo de evitar o témero futuro polo que, parece, nos empeñamos en chamar. *CARIDE, Ramón, Exogamia 0.3., Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP: 11 €*